

BEARIZ

Descubre a **maxia**



ROTEIRO DE ALVITE:

- 1 Presentación
- 2 Tramo 1: De Alvite a Chancela
- 3 Tramo 2: Chancela e Lebozán
- 4 Tramo 3: Barcia e Muradás

ROTEIRO DE GARFIÁN:

- 5 Presentación
- 6 Tramo 1: Comezo do roteiro ata a Bouza
- 7 Tramo 2: De Ceo da Bouza á área recreativa de Barcia
- 8 Tramo 3: De Barcia a Garfián

ROTEIRO DE MAGROS:

- 9 Presentación
- 10 Tramo 1: Aldea de Magros
- 11 Tramo 2: Castro de Magros e Marcofán
- 12 Tramo 3: Minas de Marcofán e Beariz

ROTEIRO DE XIRAZGA:

- 13 Presentación
- 14 Tramo 1: Subida a Outeiro da Cruz
- 15 Tramo 2: Santo Domingo a Portela da Cruz
- 16 Tramo 3: Baixada ao río e Doade



Accede a Web do Concello de Beariz e descarga a túa **AUDIOGUÍA**

www.beariz.org

ROTEIRO DE XIRAZGA



PRESENTACIÓN

A ruta de Xirazga combina o percorrido por antigas aldeas rodeadas de fragas e terras de labor coa subida a cumios de montes con vistas panorámicas. Este roteiro permite apreciar os vales e aldeas tanto de cerca como de lonxe. De cerca vese e tócanse as pedras das aldeas e árbores das zonas baixas, de lonxe apréciase a forma dos alongados vales que recollen augas dos regatos albiscando as aldeas rodeadas das terras de labor e fragas nas encrucilladas.


Son 16,5 km de roteiro nos que a dificultade técnica é pequena. Require unhas 5 horas e media para percorrela a pé e arredor de dúas horas en bicicleta. Disfrutando do roteiro pola mañá poderás realizar a subida máis longa e soleada nas horas máis frescas do día.

A ruta de sendeirismo é axeitada para facer a pé, en bicicleta de montaña ou mesmo en quad. O 4x4 tamén pode transitar case toda pero no quilómetro 14,5, na aldea de Doade, habería que evitar último tramo que vai por un estreito camiño de carro. A alternativa é rematar a ruta chegando a Xirazga percorrendo o último quilómetro por estrada.

Nas aldeas poderase observar todo tipo de arquitectura tradicional casas antigas, eiras, capelas, cruceiros, muiños, fornos e fontes.

As fragas destacan polo protagonismo principalmente dos Carballos pero tamén é doado ver Castiñeiros, Bidueiros e Salgueiros ou mesmo algún Acivro.

A medida que se chegan a zonas máis elevadas as ladeiras énchese de plantacións de piñeiros e amplas zonas con Toxos e Carqueixas. Tamén se pasarán ao lado antigas minas, mámoas ou castros.



ROTEIRO DE XIRAZGA

www.beariz.org



A ruta comeza ao lado da capela de Xirazga, onde luce un cruceiro, importante cantería dun escultor local, Cerviño, un representante dos canteiros recoñecidos máis aló da comarca de Terra de Montes que deu Beariz.

No cruceiro é preciso subliñar o interior do fuste un Santo Domingo e por debaixo, Adán e Eva. Enriba a árbore do ben e do mal coa serpe enroscada, ofrecéndolle a mazá á muller. No lado da Virxe das Dores, hai unha imaxe da Verónica, mostrando no manto un fermoso rostro de Cristo.



O roteiro sae pola estrada principal, deixándoa para desviarse á dereita, por pista asfaltada, seguindo a dirección de Alén.

Pronto vemos unha casa en ruínas que destaca polo forno que sobresa de forma cilíndrica, onde se cocía o pan. Era de millo mezclado con algo de centeo, aínda que no século XX vaise utilizando cada vez máis o trigo ata que se deixa de facer o propio pan. Pódese ver, no verán, o millo plantado que actualmente é utilizado case só para alimentar aos animais.

Á dereita vemos unha eira con cinco hórreos e outra no centro mesmo da aldea. As eiras son os espazos nos que se baña e deixábase secar o gran antes de introducirlo nos hórreos para secar. Son lugares chans, soleados e aireados. As casas tradicionais da aldea soen ter unha escaleira exterior, con entradas independentes, así a xente vivía na parte superior e os animais xunto coa cociña abaixo.

Non hai que esquecerse de coller auga da fonte xa que a continuación teremos unha longa subida onde non atoparemos posibilidades obter auga, ata o cumio.

Sáese de Alén polo camiño da esquerda da fonte. No próximo quilómetro acompañannos as fragas de carballos con moitas outras especies vexetais, animais e mesmo setas se vimos na época axeitada. Mentres se conservan importantes fragas en Beariz xa son poucos os Soutos. Un souto tendía a estar en espazos amplos e altos que foron substituídos por especies máis rendibles na actualidade como son os piñeiros.

Tras superar a fraga accédense a unhas primeiras vista do Val. Vemos ao lonxe os lugares antes vistos de cerca como as aldeas de Alén e Xirazga coas terras de cultivo que as alimentan. Tamén avistáremos Doade, que é a última aldea pola que pasará a ruta e que está máis ao lonxe.

A pista pola que se sobe está rodeada de toxo e carqueixa. Esta especie crece de forma descontrolada pero no pasado servía de alimento aos animais, cubría o solo do cortello conformando o abono e servía para avivar o lume. O dereito á súa recollida era a veces unha causa de disputa entre aldeas porque antes aparecía só nas zonas máis altas, onde a propiedade era máis confusa.

Volverán abrirse novos claros entre a vexetación onde se apreciará como concello de Beariz está composto por varios vales alongados que van de Norte a sur vertendo as súa augas en ríos que venen desembocando no Avia e que flúen cara o val do Ribeiro e o Miño.



TRAMO 1

SUBIDA A OUTEIRO DA CRUZ

Ao chegar ao cumio do monte estamos na Portela da Cruz, o límite norte do val e do Concello de Beariz. Pódese coller auga na abondosa fonte que atopamos á esquerda, antes de cruzar a pista asfaltada.

No adro da capela de Santo Domingo celébrase unha festa de gran devoción o catro de Agosto. Moita xente sube ata aquí, algúns a pé, e pídenlle favores ao santo, que enchen de billetes e tamén de velas coas formas dos elementos sobre os que piden favor ou curación.

Diante da fachada da ermida hai unha mámoa cun cartel descriptivo que axudará a entender a súa presenza, estrutura e funcionalidade.

Dende a capela ascéndese ao Outeiro Grande onde quizais sexa posible divisar cabalos ceibes pastando. No camiño ao cumio aínda se poden apreciar as fendas das antigas explotacións mineiras. Beariz é un concello rico en estaño, mineral que foi ben pagado ata o remate da II guerra mundial. Tras esa data, en plena posguerra española, prodúcese tamén a migración máis grande do concello, principalmente a México.

Aparece pronto outro val que se estende cara o Sur, o val máis afastado da capital do concello. Neste caso o río que percorre o fondo e frondoso val non vai cara o río Avia senón que é o río Verdugo: acabará dirixíndose cara o suroeste para morrer directamente no Atlántico, na boca da ría de Vigo. O río debe o seu nome ao verdor das augas cando xa é máis caudaloso e abondoso en algas. Orixinalmente chamouse Verdugo pero o nome foi erroneamente traducido ao castelán como Verdugo.

Seguindo as marcas do roteiro chégase a unha pequena estrada onde se xira á esquerda para chegar, 1 km máis abaixo, á aldea de Ricovanca. Antes de entrar na aldea atópase o único hórreo no concello construído completamente en pedra. A visita a esta aldea é inescusable.

Cruzando as estreitas rúas desta pequena aldea sairemos polo lado contrario para baixar por un camiño tradicional e chegar ao río Verdugo. Nun recuncho atopamos un pequeno paraíso natural, histórico e arquitectónico. Paga a pena sentar un rato á sombra dos castiñeiros, carballos, bidueiros a refrescarse. O camiño lévanos ata unha ponte medieval que é en realidade é unha ponte romana reconstruída na idade media. Esta ponte é parte dun camiño que conducía dende o Ribeiro a Santiago de Compostela, o camiño Breeiro, que discorria por lugares afastados da poboación no límite das xurisdicións eclesiásticas para non pagar portazgos, que son o tributo a pagar polos arrieiros que utilizaban estes camiños.

O muíño de auga conserva no seu interior a moa e tódolos mecanismos, podemos velo pedindo a chave na aldea. O gran a moer situábase no recipiente en madeira da parte superior. A vibración transmitida a través do pau que dá á gran pedra redonda fai que os grans caian pouco a pouco no centro. Dende o buraco do centro os grans móense para, ir colándose a través da pedra ata saírse polos seus extremos e a fariña vai recolléndose na parte máis ampla e de madeira.

Volvemos dende a ponte medieval a Ricovanca polo mesmo camiño recordando devolver a chave do muíño. Na Portela da Cruz atópase unha mámoa enterrada, un pequeno montículo que divide as provincias de Ourense e Pontevedra. Neste cruce de camiños vemos cara o sur a Serra do Suído, no Sudoeste o estreito Val do Verdugo encamiñarse cara as rías Baixas, no Oeste a Serra do Seixo cos seus modernos aeroxeneradores e no norte do Concello os montes do Candán.



TRAMO 2

SANTO DOMINGO A PORTELA DA CRUZ



TRAMO 3



Xírase á esquerda, pola estrada que conduce a Doade, e abandónase a uns 50 metros collendo a pista á dereita. Observáronse unhas sensacionais vistas da parte Sur do Concello de Beariz divisando a Aldea de Doade, A Bouza máis ao lonxe Correa.

Tras baixar por un cortalumes chégase de novo á protección da sombra de Carballos e Bidueiros polo camiño que levará a cruzar o río. Non hai ponte pero a pouca profundidade fai que só sexa preciso saltar de pedra en pedra para cruzalo. Aquí pódese apreciar a fauna de ribeira en todo o seu esplendor. Os pequenos reos ou troitas son aquí apreciábles sen dificultades. O cabaliño do demo aliazul e o atigrado decoran as tranquilas tardes de verán. Rans, pintegas, bolboretas, zapateiros e paxariños invitan a sentar un intre e maravillarse da riqueza que nos ofrece o río Doade.

O camiño seguirá ata a praia fluvial de Doade onde unha fonte, un lugar para bañarse, mesas á sombra e herba invitan a relaxarse antes de afrontar os últimos catro quilómetros do percorrido.

O seguinte tramo lévanos ata Doade nun quilómetro e medio por unha estrada sombría rodeada por carballos e castiñeiros. O campo da Feira ten unha imponente carballeira onde se organiza una feira mensual moi importante. No cruceiro hai un peto de ánimas que é un lugar onde deixar esmola para ánimas do purgatorio. Continuamos pola estrada en dirección Beariz uns 100 metros ata ver as indicación do camiño que continúa á esquerda.

As frondosas carballeiras que hai en toda a zona dan agradecida sombra que invita ó descanso cando xa queda moi pouco para rematar a andaina camiñando entre antigos muros de pedra. Hai neste tramo mesmo especies pouco habituais como o acivo. Que estean aquí atentos os afeccionados aos cogumelos por ser unha zona na que a humidade que fai que poidan aparecer durante moitos meses ao ano.

Chégase ao final deste camiño outra vez á igrexa de Xirazga, en Correa. Aquí comezouse e remátase o paseo que nos permitiu coñecer a zona máis occidental de Beariz ao dar a volta completa a un dos seus alongados vales. As fragas das partes baixas, perto das aldeas, xunto coas macizas de orografía suave pero agreste caracterizaron unha andaina longa pero doada.



TRAMO 3

BAIXADA AO RÍO E DOADE